

a) Solicitude segundo o modelo normalizado do anexo III desta resolución.

b) Fotocopia do pasaporte español ou documento nacional de identidade en vigor do solicitante. Certificación consular do solicitante, para acreditar a nacionalidade española e a inscrición no Rexistro de Matrícula como residente, se estes extremos non quedan debidamente acreditados polo pasaporte ou documento nacional de identidade.

c) Documentación acreditativa da última veciñanza administrativa en Galicia ou de ser natural de Galicia, no caso de residir en España.

d) Documentación acreditativa da residencia noutra comunidade autónoma ou nun país europeo.

e) Fotocopias da declaración da renda correspondente ao ano 2005. Se o solicitante reside noutro país presentará documentación equivalente.

f) Certificado médico, segundo o modelo incluído no anexo III desta resolución, conforme as condicións imprescindibles establecidas no punto 1.5 da base primeira.

g) Fotografía actual tamaño carné.

h) Libro de familia, se procede. No seu defecto, achegarase documentación xustificativa do matrimonio, da unión de feito ou relación análoga e do nacemento do resto de membros da unidade económica familiar.

i) Declaración de axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións para a mesma actividade.

2. O cónxuxe ou persoa unida ao solicitante por unión de feito ou relación análoga, de ser o caso, deberá presentar a seguinte documentación:

a) Fotocopia do pasaporte ou documento nacional de identidade en vigor.

b) Documentación acreditativa da residencia noutra comunidade autónoma ou nun país europeo.

c) Fotocopia da declaración da renda correspondente ao ano 2005 ou documentación equivalente.

d) Certificado médico, segundo o modelo incluído no anexo III desta resolución.

e) Fotografía actual tamaño carné.

f) Declaración de axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións para a mesma actividade.

Base quinta: criterios de selección.

Os criterios de selección para ser beneficiario serán os que se sinalan a continuación:

1. Estimarase como criterio preferente de selección non ter participado en anteriores edicións deste programa.

2. Estimarase como segundo criterio de selección a maior idade do solicitante.

3. A selección dunha persoa levará aparellada a da persoa unida a el por matrimonio, unión de feito ou relación análoga, sempre que reúna os requisitos establecidos no punto 2 da base primeira.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2007.

Manuel Luis Rodríguez González
Secretario xeral de Emigración

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Instrución 4/2007, do 7 de maio, de interpretación e aplicación de determinados preceptos do Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

O Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión (REBT) e as súas instrucións técnicas complementarias (ITC) préstanse en ocasións a diferenzas de interpretación no momento da súa aplicación.

A Dirección Xeral de Industria vén mantendo diversas reunións cos representantes das asociacións profesionais de empresas instaladoras e cos técnicos que tramitan estas instalacións nas delegacións provinciais coa finalidade de aplicar as anteditas normas de maneira uniforme en toda a comunidade autónoma.

Por todo iso, e co obxecto de recoller os acordos acadados nas referidas reunións, dítase esta instrución, que é de aplicación na tramitación dos procedementos relacionados co REBT, e que complementa e clarifica as ditadas con anterioridade nesta materia.

1. Cómputo da área en locais de concorrencia pública.

Para determinar a área dun local de concorrencia pública para efectos do establecido na ITC-BT-28 do R.B.T. deben descontarse, ademais das superficies indicadas expresamente no punto 1 da ITC-BT-28 do R.B.T., as áreas destinadas a almacén e escaparates, pero polo contrario non se deben restar as áreas ocupadas polos mobles.

2. Documentación para rexistrar as instalacións.

Na tramitación das instalacións de baixa tensión, tanto no caso en que esta precise proxecto como no caso en que precise memoria técnica de deseño (MTD) deberán presentarse os documentos que se indican no impreso oficial publicado no anexo I-a da Orde do 2 de febreiro de 2005 pola que se modifican os modelos de impresos relativos ao rexistro e posta en servizo das instalacións eléctricas de baixa tensión, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 43, do 3 de marzo).

3. Esbozo de trazado.

O esbozo de trazado a que se refire o artigo 19 do R.B.T. e o número 2 da ITC-BT-04 consistirá en, polo

menos, un debuxo en planta das conducións eléctricas complementado con indicacións sobre a altura pola que pasan. En todo caso deberá terse en conta que:

a) No caso de instalacións con proxecto, os planos correspondentes ao esbozo de trazado deberá estar rotulado especificamente como esbozo de trazado. Ademais, formarán parte do anexo de información ao usuario a que fai referencia o artigo 19 do R.B.T.

b) No caso de instalacións con MTD, esta deberá presentar o formato establecido no anexo Ib da antedita Orde do 2 de febreiro de 2005

4. Comunicación de inicio de actividade noutra provincia da Comunidade Autónoma galega.

O artigo 12 da Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e exixencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento, e outras actividades en materia de seguranza industrial establece no seu segundo parágrafo que para exercer a actividade noutra provincia distinta á de inscrición, as empresas autorizadas na Comunidade Autónoma de Galicia deberán comunicarllo á delegación provincial correspondente onde se teña previsto realizar a actividade.

A documentación que debe presentar a empresa para o cumprimento deste trámite limitárase exclusivamente á referida comunicación, podendo ter tal efecto a presentación de copia do certificado de instalador autorizado en baixa tensión (DCE). En ningún caso se cobrará ningunha taxa por recibir esta comunicación.

5. Validez dos cadros de obra sen marcación CE.

Os cadros eléctricos de baixa tensión de obras deben cumprir cos requirimentos establecidos no regulamento para baixa tensión e, en especial, co establecido na ITC-33, instalacións con fins especiais. Instalacións provisionais e temporais de obra.

Conforme o establecido no número 5.1 da ITC-BT-33, o responsable da conformidade dun cadro de obras, entre os cales pode figurar un instalador autorizado, deberá acreditar, mediante a presentación do certificado do laboratorio homologado, a realización das probas precisas para o cumprimento das prescricións da norma UNE 60.439-4.

6. Garaxes. Uso de tubos metálicos.

Segundo o establecido no número 4 da ITC-BT-29, a clasificación dos garaxes será levada a cabo por un técnico competente, que xustificará os criterios e procedementos aplicados. A responsabilidade de establecer se o risco de explosión do garaxe é suficientemente baixo como para non ter que ser considerado como perigoso de clase I recae, por tanto, no proxectista.

Cando este xustifique que non existe o correspondente risco, debe ser considerado como axeitado ás

ditas instalacións, ademais do tubo metálico, o tubo blindado conforme o establecido na táboa 3 do número 9.3 da referida ITC.

7. Taxas.

a) A ITC-BT-01, na súa definición 109 indica que se entenderá por potencia prevista ou instalada a potencia máxima capaz de subministrar unha instalación aos equipamentos e aparellos conectados a ela. Para o rexistro de instalacións eléctricas receptoras debe aplicarse a taxa 32.19.00, cuxo importe será o resultado de efectuar o seguinte cálculo:

Importe en euros = $20 + 0,6 * (\text{potencia en kW})$.

Entendendo por potencia en kW a máxima, isto é aquela a que se refire a antedita definición 109 da ITC-BT-01. Non é correcto, por tanto, calcular o importe da taxa usando o dato da potencia contratada que non é unha característica intrínseca da instalación. No entanto, isto non impide que no caso de instalacións eléctricas de edificios, o cálculo da taxa deba facerse tendo en conta o coeficiente de simultaneidade das distintas vivendas, polo que se aplicará sobre un valor inferior ao da suma das potencias de cada vivenda.

b) Por outra banda, tendo en conta que a potencia da instalación vén determinada polo térmico principal, xúntase como anexo I a táboa dos importes resultantes para as distintas instalacións individuais.

8. Seguro de responsabilidade civil.

O número 5 da ITC-BT-03 establece, entre outros, como requisito para obter a autorización de instalador en baixa tensión, a acreditación ante a comunidade autónoma de ter subscrito seguro de responsabilidade civil que cubra todos os riscos que poidan derivar das súas actuacións, mediante póliza por unha contía mínima de 600.000 euros para a categoría básica e de 900.000 euros para a categoría especialista, cantidade que se actualizará anualmente segundo a variación do índice de prezos de consumo, certificada polo Instituto Nacional de Estatística.

As ditas contías deben entenderse como que cobren en todo momento os danos ocasionados independentemente dos sinistros que se produciren. O importe actualizado das ditas coberturas son os que figuran na táboa do anexo II.

9. Canles protectoras en derivacións individuais.

En relación co uso de canles protectoras nas execución de derivacións individuais cómpre sinalar que o uso das ditas canles se encontra regulado na ITC-BT-15, que, no seu punto primeiro, establece que as derivacións individuais poderán estar constituídas, entre outras, por condutores illados no interior de canles protectoras cuxa tapa só poida ser aberta coa axuda dun útil. No punto segundo faise, así mesmo, referencia á sección das canles e ao caso en que se realicen agrupacións de derivacións nunha mesma canle. O regulamento acepta como válidas as derivacións individuais realizadas con canles protectoras aínda que no momento da entrada en vigor das

especificacións técnicas particulares das empresas subministradoras, poidan realizarse aclaracións sobre a forma de executar estas derivacións realizadas con canles.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2007.

Anxo Ramón Calvo Silvosa
Director xeral de Industria, Enerxía e Minas

ANEXO I

Instalacións cun só boletín

-Monofásico:

2×10= 2.300	w= 21,38 €.
2×16= 3.680	w= 22,20 €.
2×20= 4.600	w= 22,76 €.
2×25= 5.750	w= 23,45 €.
2×32= 7.360	w= 24,41 €.

2×40=9.200	w= 25,52 €.
2×50=11.500	w= 26,90 €.
2×63=14.490	w= 28,69 €.

-Trifásico:

4×10= 6.928	w= 24,15 €.
4×16= 11.085	w= 26,65 €.
4×20= 13.856	w= 28,31 €.
4×25=17.320	w= 30,39 €.
4×32=22.170	w= 33,30 €.
4×40=27.712	w= 36,62 €.
4×50= 34.641	w= 40,78 €.
4×63= 43.647	w= 46,18 €.
4×100= 69.282	w= 61,56 €.
4×125= 86.602	w= 71,96 €.
4×200= 138.564	w= 103,13 €.
4×250= 173.205	w= 123,92 €.

ANEXO II

Póliza de responsabilidade civil, cantidades actualizadas segundo os IPC sucesivos

	IPC 1997	IPC 1998	IPC 1999	IPC 2000	IPC 2001	IPC 2002	IPC 2003	IPC 2004	IPC 2005	IPC 2006
	2,00%	1,40%	2,90%	4,00%	2,70%	4,00%	2,60%	3,10%	3,70%	2,70%
	Aplicable 1998	Aplicable 1999	Aplicable 2000	Aplicable 2001	Aplicable 2002	Aplicable 2003	Aplicable 2004	Aplicable 2005	Aplicable 2006	Aplicable 2007
		1,014	1,029	1,04	1,027	1,04	1,026	1,032	1,037	1,027
Instalacións de calefacción e clima	180.303,63 €	182.827,88 €	188.129,89 €	195.655,09 €	200.937,77 €	208.975,28 €	214.408,64 €	221.269,72 €	229.456,70 €	235.652,03 €
Electricidade especialista						900.000,00 €	923.400,00 €	952.948,80 €	988.207,91 €	1.014.889,52 €
Electricidade básica						600.000,00 €	615.600,00 €	635.299,20 €	658.805,27 €	676.593,01 €
Gas IG-I	60.101,21 €	60.101,21 €	60.101,21 €	150.253,03 €	154.309,86 €	160.482,25 €	164.654,79 €	169.923,74 €	176.210,92 €	180.968,62 €
Gas IG-II	150.253,03 €	150.253,03 €	150.253,03 €	150.253,03 €	154.309,86 €	160.482,25 €	164.654,79 €	169.923,74 €	176.210,92 €	180.968,62 €
Gas IG-III	300.506,05 €	300.506,05 €	300.506,05 €	360.607,26 €	370.343,66 €	385.157,41 €	395.171,50 €	407.816,99 €	422.906,21 €	434.324,68 €
Gas IG-IV	300.506,05 €	300.506,05 €	300.506,05 €	360.607,26 €	370.343,66 €	385.157,41 €	395.171,50 €	407.816,99 €	422.906,21 €	434.324,68 €
Frío instaladora				150.253,03 €	154.309,86 €	160.482,25 €	164.654,79 €	169.923,74 €	176.210,92 €	180.968,62 €
Frío mantedora				150.253,03 €	154.309,86 €	160.482,25 €	164.654,79 €	169.923,74 €	176.210,92 €	180.968,62 €
Cafeteiras				150.253,03 €	154.309,86 €	160.482,25 €	164.654,79 €	169.923,74 €	176.210,92 €	180.968,62 €
Fontanarfa				150.253,03 €	154.309,86 €	160.482,25 €	164.654,79 €	169.923,74 €	176.210,92 €	180.968,62 €

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 24 de maio de 2007 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións a proxectos de accións de investigación-acción que teñan relación co esforzo global anti VIH/Sida.

A infección polo VIH (virus de Inmunodeficiencia Humana) e a sida (síndrome de inmunodeficiencia adquirida) continúan sendo un dos principais problemas de saúde pública que padece a nosa sociedade,

polo que cómpre o incremento e mellora das actividades encamiñadas a enfrontalos.

Dentro do marco das actividades anti VIH/Sida en Galicia débese dar prioridade a atender a demanda e financiamento de proxectos ou actividades de investigación/acción co obxectivo dobre de que, ao mesmo tempo que se contribúe directamente á acción global anti-VIH tamén, mediante a avaliación e valoración desas experiencias, se poidan estender aquelas que acheguen resultados positivos e útiles no proceso de lograr unha maior exixencia das nosas accións, acon-